



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 880/1102

### **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8 DE OUTUBRO DE 2020.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

#### CONTRATACIÓN

- 2.- Modificación do contrato do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano na cidade de Vigo para dar cumprimento as medidas de prevención e protección da saúde fronte á COVID-19. Expte. 6530/241.

#### DEPORTES

- 3.- Modificación do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da organización do evento deportivo "Vigo Open 2020-WORLD PADEL TOUR" na cidade de Vigo. Expte. 19441/333.

#### EDUCACIÓN

- 4.- Proposta de adxudicación da contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV). Expte. 23977/332.
- 5.- Proposta de adxudicación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música folk e tradicional (E-TRAD). Expte. 23978/332.
- 6.- Propostas de adxudicación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo (EMD). Expte. 23979/332.

#### SERVIZOS XERAIS

- 7.- Interposición de recurso contencioso-administrativo para a declaración da nulidade de pleno dereito e, subsidiariamente, de anulabilidade, da Resolución de Augas de Galicia, de data 9/07/2020, que adxudica o contrato de servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» a favor de «AIN ACTIVE OM». Expte. 419/441.

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **8 de outubro de 2020, ás 14,50 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez